




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 069/2018**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  , mediante escrito do 18 de maio de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 22/5/2018, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 23 de abril de 2018, do Alcalde-presidente do Concello de Rábade, por considerar que a mesma vulnera o seu dereito á información pública.

O reclamante solicitou que se lle informase do seguinte:

- 1) Cal é a ordenanza fiscal que aproba a taxa que grava en Rábade o cambio de titularidade dos contratos de subministración de auga das vivendas nas que xa existe entroncamento, acometida e nos que non existiu interrupción da subministración e en base á que FCC Aqualia lle cobrou 85,01 euros.
- 2) Se a actuación consistente, unicamente, en cambiar a titularidade dun contrato de subministración de auga en Rábade está incluída no feito impositivo da taxa aprobada pola ordenanza fiscal do Concello de Rábade publicada no BOP o 22/05/2014 (taxa pola subministración de auga potable a domicilio), e de ser así, cal é a contía desa taxa para os cambios de titularidade dos contratos de subministración de auga e en que artigo está prevista esa tarifa.

- 3) Se o feito de que Aqualia lle cobre 85,01 euros por solicitar o cambio de titularidade do contrato de subministración de auga (sen solicitar nin unha nova acometida nin unha nova subministración) e que, como xustificante do pago, lle entregue un documento denominado " ARBITRIO SOBRE ENGANCHES DE AUGA ... Por alta uso doméstico", cumpre co previsto na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga potable a domicilio en Rábade (BOP o 22/05/2014) ou co previsto en calquera outra ordenanza fiscal desa entidade local ou, se pola contra, é unha actuación de liquidación e recadación tributaria carente de soporte normativo.

O escrito viña acompañado da súa solicitude de cambio de titularidade de contrato n2 12706-1/1-001285 á concesionaria de auga potable, solicitude de acceso á información pública relativa á taxa que grava o cambio de titularidade dun contrato de subministración de auga, resolución do Concello de Rábade do 23 de abril de 2018, pola que se lle dá acceso á información solicitada, e copia do seu DNI.

Segundo. Con data do 23 de maio de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Concello de Rábade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 25 de maio de 2018

Terceiro. Con data 13 de xuño de 2018 o Concello de Rábade contesta a petición remitindo informe no que manifesta que ante a petición de información realizada, informou ao solicitante sobre a ordenanza municipal vixente que regula a taxa polo subministro de auga potable a domicilio no Concello de Rábade. Por entender que a natureza do escrito presentado non se corresponde con un recurso administrativo contra unha liquidación tributaria en sentido estrito (tal e como recoñece o propio interesado), non se entrou a valorar os feitos e argumentos expostos polo solicitante, dándosele ao mesmo o trámite que lle corresponde a unha solicitude de acceso a información pública.

En ningún caso se denegou o acceso a información de natureza pública algunha que estea en poder desta administración, citándose na resolución citada toda a existente no Concello relativa sobre este particular.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa

disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscríbe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo

gobierno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente o solicitante presentou a súa reclamación unha vez transcorrido o prazo dun mes desde a solicitude sen que a Administración resolvese expresamente, aínda que o fixo con posterioridade o 2 de abril, debe considerarse que a reclamación se presentou en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

Dos tres puntos da solicitude do ██████████, unicamente pódese considerar que o primeiro é unha solicitude de información pública, que é o que corresponde á súa solicitude de información sobre cal é a ordenanza fiscal aplicable á taxa que grava no concello o cambio de titularidade dos contratos de subministración de auga das vivendas, solicitude que ademais é

correctamente atendida na resolución do Concello de Rábade obxecto deste recurso, na que se lle indica cal é a ordenanza e se lle remite copia da mesma, que por outra banda xa era coñecida polo reclamante.

Sen embargo, a solicitude sobre cal é a contía e en que artigo esta prevista esa tarifa, debe ser tamén considerada unha solicitude de acceso á información pública que o concello non respondeu.

As outras dúas peticións non se poden considerar solicitude de información pública, senón que deben considerarse unha solicitude ao Concello de que se pronuncie, mediante a emisión dun informe, sobre si as actuacións realizadas pola empresa concesionaria da auga, e en concreto os cobros realizados e xustificante do pago son conformes coa ordenanza fiscal que é de aplicación.

A sentenza da Audiencia Nacional do 24 de xaneiro de 2017 establece que o dereito á información non pode ser confundido co dereito á confección dun informe por un órgano público a instancia dun particular, polo que o artigo 18.1.c) establece como causa de inadmisión os supostos nos que a información que se solicita require de unha elaboración e confección. Por tanto, é indiferente que dita información obre en poder da Administración, debendo interpretarse o artigo 13 da Lei no senso de que o dereito á información pública non pode converterse no dereito a obter un informe a medida do requirido polo solicitante.

De acordo co anterior, debe estimarse parcialmente a reclamación presentada no referente ao dereito do solicitante a que se lle proporcione a información sobre cal é a contía e en que artigo esta prevista esa tarifa, e inadmitirse respecto da solicitude de pronunciamento sobre si as actuacións realizadas pola empresa concesionaria da auga, e en concreto os cobros realizados e xustificante do pago son conformes coa ordenanza fiscal que é de aplicación, dado que, tal e como establece o Concello de Rábade no seu informe, a natureza do escrito presentado non se corresponde con un recurso administrativo contra unha liquidación tributaria en sentido estrito (tal e como recoñece o propio interesado), polo que non se entrou a valorar os feitos e argumentos expostos polo solicitante, dándosele ao mesmo o trámite que lle corresponde a unha solicitude de acceso a información pública, nos termos previstos na normativa de transparencia, sen que o anterior supoña en ningún caso que se denegou o acceso a información de natureza pública algunha que estea en poder desa administración, senón a aplicación da causa de inadmisión establecida no artigo 18.1.c) da Lei, dado que, a información solicitada ten que elaborarse expresamente para dar unha resposta, mediante operacións de análises, e interpretación.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED], con data do 22 de maio de 2018, contra a resolución de 23 de abril de 2018, do Concello de Rábade, no referente ao dereito do solicitante a que se lle proporcione a información sobre cal é a contía e en que artigo esta prevista a tarifa por cambio de titularidades dun contrato de subministración de auga.

Segundo: Instar ao Concello de Rábade a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no referido á formalización do acceso.

Terceiro: Instar Concello de Rábade a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga